



Seres diminutos que se agochan nos ocos de árbores máxicas; pequenos sabios que habitan nos libros e veñen a sorprender a nenas incrédulas; trasniños despistados que, como os nenos, se perden no bosque e non saben volver á casa; ananiños fantásticos, avoiños travessos... O mundo dos trasnos está poboado dunha morea de personaxes adorábeis dispostos a encher de fantasía o teu mundo. Cada conto deste libro é un paraíso no que a maxia é o natural e todo o fantástico se converte en cotián.



No país das fadas todo é... marabilloso! Reparaches nas delicadas arañeiras? Son a seda dos seus vestidos; e os diminutos ocos das árbores máis vellas? Son as portas dos seus fogares. E as chuvias de estrelas? Son a estela que as fadas deixan ao seu paso cando viaxan. Porque adoitan facelo, e escóndense entre as túas bonecas, xunto as plumas do teu cobertor. E, ás veces, só lles divirte facer trasnadas, e moitas, moitas máis veces, véñenche facer compañía, a axudarche en forma de sopro de ar fresco que... ummm! dá xenio respirar



Contan as lendas dos bosques encantados que os seres fantásticos máis etéreos e irrealis son os antiquísimos elfos, uns personaxes extraordinariamente sabios e valentes que desde o principio dos tempos regalan aos humanos os dons máis fermosos: a música, o amor pola natureza, a serenidade.. Sabías que a orixe do salgueiro está no amor dun Elfo a unha Dama Máxica? Isto é só un exemplo do contido deste libro.



De todos os habitantes do bosque encantado da imaxinación os gnomos son os seres máis curiosos, porque se parecen a nós en diminuto. E aínda que a súa sabedoría, como a súa idade, é infinita, algún día tamén son nenos: e hainos tímidos, aventureiros, e gnomas loitadoras, e... Cantos personaxes máis se che ocorren? Todos viven nas páxinas deste libro, que conta a verdadeira historia dos gnomos.

O bosque encantado

Adéntrate nel!!!

8-10 anos